

O DOG publicado o 26 de xaneiro (ás 24 horas) adopta novas medidas ante a situación de pandemia que afectan, tamén, ao ámbito eclesial.

Lugares de culto:

- ✓ A asistencia a lugares de culto **non poderá superar 1/3 (33%) da súa capacidade máxima**. O aforo permitido deberá publicarse nun lugar visible.
- ✓ **Non se poderá utilizar o exterior** dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto. E ademais **organizaranse as entradas e saídas dos templos para evitar aglomeracións**.
- ✓ **A limitación horaria está marcada polo toque de queda, desde as 22 h. ás 06 h.**
- ✓ Non se poderán realizar actuacións de **coros** ou agrupacións vocais decanto.
- ✓ Non se permitirá o uso de **auga bendicida**.
- ✓ Facilitarase no interior dos lugares de culto a **distribución dos asistentes** sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables.
- ✓ Limitarase ao menor **tempo** posible a duración dos encontros ou celebracións.
- ✓ Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións **evitarase tocar ou bicar obxectos de devoción** ou outros obxectos que habitualmente se manexen.
- ✓ Ademais hai que **seguir mantendo as mesmas medidas que ata agora estaban en vigor**: distancia de seguridade (1,5m.), uso obrigatorio da máscara, desinfección do espazo despois de cada uso e limpeza das mans con xel hidroalcohólico; para este fin poranse á disposición do público, en lugares accesibles, dispensadores de xel debidamente autorizados e en condicións de uso.

Outros actos relixiosos:

- ✓ As **cerimonias nupciais** e similares (comuñóns, confirmacións, funerais, etc.), réxense polas mesmas normas que os actos de culto.
- ✓ Os **enterramentos** restrínxense a un máximo de **15 persoas** (no cemiterio).
- ✓ Os **velorios** poderán realizarse cun límite máximo, en cada momento, de **5 persoas** en espazos pechados e 15 persoas en espazos ao aire libre.

Catequese

- ✓ **Queda suspendida a catequese presencial.**
- ✓ As familias poden seguir a catequese desde os fogares a través das diversas plataformas dixitais que xa existen; os Secretariados de Catequese de Galicia ofrecen *#CatequeseComezaNaCasa*.
- ✓ Tamén cabe indicar que realicen na casa os temas ou fichas correspondentes do material de catequese.
- ✓ Pódese buscar a presencialidade nunha Eucaristía do domingo ou nunha Misa de semana, respectando sempre os aforos e distancias.



MODIFICACIÓN DO DOG DO 26 DE XANEIRO DO 2021

Outras actividades:

- ✓ **Suspéndense as convivencias, encontros, reunións, congresos e actossimilares.**
- ✓ Tamén se acorda o **peche das actividades de festas**, verbenas e eventos populares.

Mobilidade:

- ✓ Todos os concellos de Galicia están en nivel máximo de alerta e con peche perimetral. Se algún sacerdote ten que moverse entre concellos por razóns pastorais debe levar o certificado de mobilidade que se expide na curia diocesana.

Estas disposicións entran en vigor o mércores 27 de xaneiro ás 00.00 horas e estenderanse ata o 17 de febreiro.

Un saúdo,

J. Vidal
Vigairo de Pastoral.